

CRÓNICA LEGISLATIVA DE GALICIA

Primeiro semestre de 2018

Alba Nogueira López*

Resumo

A política lingüística autonómica, sen produción normativa de interese, mantén un pulso lánguido. Tan só merece unha certa atención a publicación do Informe sobre a prestación do servizo de normalización lingüística pola administración local en exercicio de competencia propia, co que a Xunta quere resolver as dúbidas creadas pola Reforma e Sostibilidade da Administración Local (LRSAL) sobre as competencias locais en relación co mantemento de servizos municipais de normalización lingüística. Anúnciase de novo a próxima aprobación do Plan de Dinamización do galego na mocidade, urxente polo devalo de falantes novos pero adiado en distintas ocasións.

Palabras chave: Galicia; competencias locais; LRSAL; servizos de normalización lingüística; Plan de dinamización do galego na mocidade.

LEGISLATIVE REPORTS ON GALICIA

Abstract

The text includes new regulations that affect the uses, the linguistic rights and the legal system of the language adopted in Galicia during the first half of the year (between January and June 2018).

Keywords: Galicia; local competences; LRSAL; linguistic normalisation services; Galician dynamisation plan in youth.

* Alba Nogueira López, profesora titular de dereito administrativo, Universidade de Santiago de Compostela. alba.nogueira@usc.es

Citación recomendada: Nogueira López, Alba (2018). Crónica legislativa de Galicia. Primeiro semestre de 2018. *Revista de Llingua i Dret, Journal of Language and Law*, (70), 200-202. DOI: [10.2436/rld.i70.2018.3215](https://doi.org/10.2436/rld.i70.2018.3215).

1 Introducción

A política lingüística autonómica está instalada na absoluta atonía. Pouco se pode sinalar neste semestre máis alá da reiteración de convocatorias de subvencións rutinieras e a repetición de anuncios de actuacións unha e outra vez adiadas. Sen produción normativa de interese, este é un período máis de lánguido pulso.

2 O labor dos entes locais: Informe sobre a prestación do servizo de normalización lingüística pola administración local en exercicio de competencia propia e axudas

A raquíta acción autonómica en materia de lingua vese complementada cunha tamén limitada acción municipal na que apenas pode salientarse o labor dalgúns concellos. Este labor local baséase principalmente no impulso que realizan os servizos de normalización lingüística municipais. Non obstante, son poucos os concellos que contan cun servizo creado e menos os que manteñen de forma estable con persoal e recursos suficientes. En boa medida unha parte destes servizos sobreviven de forma intermitente mediante programas de axudas autonómicas ou das Deputacións que impiden unha programación sostida e unha implicación axeitada dos técnicos ante a precariedade e intermitencia das condicións laborais coas que se contratan. Dos 314 concellos tan só 50 contan con este servizo, algún deles sostido de xeito compartido xa que o número de servizos existentes era de 41. As incógnitas que abriu a reforma local de 2013 sobre as competencias locais contribuíron finalmente a escurecer un panorama pouco propicio.

Neste contexto por fin en 2018 a Xunta de Galicia fixo público, acompañada pola Coordinadora de Técnicos de normalización Lingüística (CTNL), o [Informe sobre a prestación do servizo de normalización lingüística pola administración local en exercicio de competencia propia](#).

Con este documento a Xunta pretende indicarlle aos entes locais cal é o seu espazo competencial en materia de normalización lingüística e, máis concretamente, en relación co mantemento de servizos de normalización. Este informe obedece a varias motivacións. Por un lado e principalmente, a aprobación da Lei 27/2013 de Reforma e Sostibilidade da Administración Local (LRSAL) abriu un período de incertidume sobre as competencias locais (propias, delegadas...) que tamén alcanzou ao ámbito da lingua. Esta circunstancia afondou nun problema, que tiña sinalado a CTNL reiteradamente, que é a falta de compromiso e medios dos entes locais para manter servizos de normalización lingüística. Coa excusa da incerteza normativa aproveitouse para evitar a estabilización ou creación de servizos. Finalmente, a Xunta de Galicia nos últimos tempos ten adoptado unha liña de transferirle aos concellos a responsabilidade en ámbitos competenciais autonómicos para evitar xestionar cuestións problemáticas (ex. espectáculos públicos, patrimonio histórico, limpeza forestal...).

O Informe, despois de trazar un detallado relatorio da lexislación aplicable e facer unha mención á Rede de Dinamización Lingüística da que forman parte 177 dos 314 concellos galegos, limitase a chegar a unha resolución sucinta no sentido de que a prestación do servizo de normalización lingüística non require do informe de duplicidade ou sostibilidade financeira:

De conformidade con todo o exposto, e tendo en conta que as entidades locais galegas comparten coa Xunta de Galicia o mandato legal de promover a normalización da lingua galega, e que estas a veñen desenvolvendo e a teñen atribuída con anterioridade á entrada en vigor da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, infórmase de que a prestación do servizo de normalización lingüística polas entidades locais galegas non require da emisión do informe de duplicidade nin sustentabilidade financeira tal como esixe o artigo 3 da citada Lei 5/2014 para o caso de exercicio de novas competencias distintas das propias, e todo iso con independencia de que a Xunta de Galicia está a realizar desde o ano 2010 a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística actuacións para promover a normalización lingüística no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a Rede de Dinamización Lingüística (RDL).

Parece, por tanto, que pouco alcance vai ter este documento máis que o de reafirmar unha situación que xa era a habitual, salvo para quen poidera usar a Lei 27/2013 como excusa para evitar a consolidación destes servizos locais.

De xeito complementario con este Informe cabe dar conta da publicación Resolución do 5 de xullo de 2018, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se conceden subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, ao abeiro da convocatoria regulada na Orde do 16 de marzo de 2018. A Orde de 16 de marzo de 2018 abriu a [convocatoria habitual de axudas para a creación e mantemento de servizos de normalización lingüística](#). Con estas axudas constituiranse 5 servizos máis que lle prestarán apoio a 15 Concellos. En todo caso as axudas son limitadas xa que non superan moito os 5000 euros, no caso dos concellos que reciben unha maior contía, e apenas chegan aos 2000 as máis baixas, facendo clara a dificultade de sostemento cos limitados recursos cos que contan moitos concellos, singularmente os pequenos.

Outro elemento relevante da convocatoria é a incompatibilidade entre a modalidade de axuda denominada de “dinamización lingüística” para a realización de actividades en concellos sen servizo, coas modalidades de creación ou mantemento do servizo de normalización lingüística. Isto pode provocar que os concellos que teñen servizo dotado carezan de medios para levar a cabo as actividades que planifiquen e que as que carecen de servizo teñan financiamento para actividades que non teñen un respaldo planificador coas eivas que pode ocasionar.

3 Plan de Dinamización da Lingua Galega na Xuventude

[Despois de anuncios sucesivos nos últimos anos](#), novamente a Secretaría Xeral anuncia que en 2018 vai aprobar o Plan de Dinamización da Lingua Galega na Xuventude. Polo momento máis alá dos anuncios e [un esquemático documento de fixación dos pasos a seguir](#) non existe un avance sobre os aspectos que abordará, obxectivos e concreción de prazos e recursos para o xestionar.

Os preocupantes datos estatísticos sobre transmisión interxeracional da lingua e sobre o número de falantes mozos/as, singularmente en contornas urbanas fan sumamente necesario contar cunha diagnose clara e o deseño de estratexias para frear ese devalo. Porén o adiamento deste plan e a falta de vontade para actuar no ámbito do ensino, crucial nesas idades, é ilustrativo da prioridade que se lle concede.

4 O portelo-e do Observatorio da Lingua Galega

Froito da colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) renovouse o portelo web do [Observatorio da Lingua Galega](#) que chega, canda ao seu boletín de noticias, aos dez anos en funcionamento. Este portelo electrónico recolle as noticias en materia de linguas e actúa como espazo de difusión da diversidade lingüística mundial.